

BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS

1º Bacharelato

SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN DE CONTIDOS

O currículo da materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais divídese en oito bloques de contidos:

Bloque 1. Proxecto científico: traballarase de forma transversal ao longo do curso

Bloque 2. A xeodinámica interna: **unidades 5**

Bloque 3. A xeodinámica externa. Historia da Terra: **unidades 5**

Bloque 4. Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución:
unidades 1

Bloque 5. Os vexetais: funcións e adaptacións: **unidades 2**

Bloque 6. Os animais: funcións e adaptacións: **unidades 3**

Bloque 7. Os microorganismos e as formas acelulares: **unidades 4**

Bloque 8. Ecoloxía e sustentabilidade: **unidades 6**

Estes contidos traballaranse co libro de texto Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Medioambientais 1º BACHARELATO Editorial SM 2022

ISBN:978-84-985-4900-3

AVALIACIÓN	UNIDADES
PRIMEIRA	Unidade 0. Composición química dos seres vivos
	Unidade 1.1. Orixe e evolución da vida
	Unidade 1.2. Niveis de organización dos seres vivos
	Unidade 1.3. A diversidade dos seres vivos
	Unidade 2.1. A nutrición nas plantas
	Unidade 2.2. A función de relación no mundo vexetal
	Unidade 2.3. A reprodución vexetal
SEGUNDA	Unidade 3.1. A nutrición nos animais
	Unidade 3.2. Os animais e as súas relacións co medio
	Unidade 3.3. A reprodución nos animais
	Unidade 4.1. A diversidade dos microorganismos
	Unidade 4.2. Os microorganismos na biosfera
	Unidade 5.1. Historia da Terra
TERCEIRA	Unidade 5.2. Composición e dinámica terrestre
	Unidade 5.3. Tipos de rochas segundo a súa orixe
	Unidade 6.1. O medio ambiente e as interaccións humanas
	Unidade 6.2. Cara un desenvolvemento sustentable

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE AVALIACIÓN

- 1) Habrá 3 **avaliacións parciais**, unha avaliación final **ordinaria** e unha avaliación final **extraordinaria**.
- 2) Os criterios para o cálculo da **cualificación** de cada **avaliación parcial** será calculada tendo en conta os seguintes puntos de ponderación:

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probas escritas	80 %
Caderno de aula Caderno de laboratorio Traballos	10%
Proxecto científico	10%

- **Probas escritas:** realizaranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación que serán valoradas numericamente entre 0 e 10 puntos. A nota deste apartado será a media aritmética obtida nas distintas probas. En cada proba indicarse a ponderación de cada pregunta para informar ao alumno/a e facilitarlle a realización do exame.
- **Produtos do alumnado (caderno de aula, caderno de laboratorio, boletíns de actividades):** ten un valor dun 10% da nota final e valorarase a presentación, organización, ter correctamente feitas e corrixidas todas as cuestións propostas, entregalas o día fixado. No caso do caderno, estes aspectos valoraranse a través da observación diaria directa e coa rúbrica de caderno. No caso de ser tarefas pola aula virtual, ditos aspectos valoraranse cunha rúbrica ou escala de cualificación personalizada para cada actividade.
- **Proxecto de investigación:** ten un valor dun 10% da nota final e realizarase un proxecto de investigación por cada avaliación. Pode consistir nun traballo escrito aplicando o método científico, nunha exposición oral tras unha investigación científica sobre un fenómeno natural ou na exposición oral apoiándose en maquetas construídas polo propio alumno/a. Todo proxecto avaliarase cunha rúbrica ou escala de valoración.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas nos cadernos de clase e laboratorio, traballos e proxecto científico, debe ser xustificada mediante un xustificante médico ou similar de carácter oficial ou se é o caso, mediante xustificación debidamente razoada e firmada polo/a pai/nai ou tutor/a legal. A falta inxustificada a unha proba escrita fará que na mesma o/a alumno/a reciba unha cualificación de 0.

A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do caderno de clase, caderno de laboratorio, traballo, proxecto grupal nas datas establecidas fará que no apartado correspondente recibe unha cualificación de 0.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita, na realización de clase, na realización de traballos, caderno de laboratorio ou proxecto grupal suporá a cualificación inmediata de 0 no apartado correspondente.

As probas escritas, unha vez cualificadas e vistas polo alumnado, serán arquivadas ata fin de curso, co fin de poder ser consultadas polo propio alumnado ou as persoas que os representen (proxenitores ou tutores) se así o solicitaran.

- 3) Unha vez **rematada cada avaliación parcial**, farase unha **proba de recuperación** para o alumnado suspenso. Dita proba consiste nun exame escrito cos contidos tratados na correspondente avaliación, e a nota acadada corresponde á ponderación das probas escritas nesa avaliación, é dicir, ao 80% da nota final desa avaliación.
- 4) A terceira avaliación coincidirá no tempo coa avaliación final ordinaria, pero as cualificacións non teñen por que ser as mesmas.
 - A **cualificación da terceira avaliación** obtense seguindo os criterios explicados no apartado 2 “*criterios para o cálculo da cualificación de cada avaliación*”.
 - A **cualificación da avaliación final ordinaria** virá dada pola media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións parciais do curso, e de ser o caso, terase en conta a nota da recuperación(s) da(s) avaliacións parciais. No caso de que a media sexa igual ou superior a cinco considerarase a avaliación final ordinaria aprobada e o alumnado non pode presentarse ás probas extraordinarias para subir nota. Pola contra, no caso de que a media sexa inferior a cinco considerarase a avaliación final ordinaria suspenso.

- 5) O alumnado que non supere a materia, logo da avaliación final ordinaria terá dereito a realizar unha **proba extraordinaria** nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar de cada curso. Dita proba extraordinaria consistirá nun exame global con tres partes (unha por cada avaliación) e o alumnado responderá ás partes correspondentes das avaliacións non superadas, cada parte valorarase de cero a dez e o aprobado será coa nota mínima en cinco. No caso de que o alumnado só se teña que presentar a unha parte, a cualificación definitiva da avaliación final extraordinaria será a media aritmética da(s) parte(s) recuperadas da proba extraordinaria e as notas das avaliacións parciais superadas. No caso do alumnado que se teña que presentar ás tres partes do exame global, é dicir, de todos os contidos tratados ao longo do curso a cualificación definitiva da avaliación final extraordinaria virá dada pola media aritmética das cualificacións obtidas nas tres partes da proba extraordinaria. A docente entregará un informe por escrito a cada alumno/a explicando en que consistirá a proba extraordinaria e que partes da materia ten que recuperar.
- 6) Na cualificación de cada avaliación parcial, ordinaria e extraordinaria o **redondeo** farase sempre e cando a nota obtida sexa igual ou superior a 5, da seguinte maneira:
- Nota con parte decimal inferior a 0,5 redondearase á unidade inferior.
 - Nota con parte decimal igual ou superior a 0,5 redondearase á unidade superior.
- 7) O período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.